

## **BANDO**

Por esta Alcaldía en atribución das competencias establecidas no artigo 21.1.e) da Lei reguladora das bases do réxime local, en **relación AS SAÍDAS PARA PASEAR OS CANS con motivo da pandemia do coronavirus COVID-19** e, tendo en conta o comunicado da Vicepresidencia Segunda e o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, por esta Alcaldía **SE INFORMA** á veciñanza do seguinte:

**PRIMEIRO.-** Que nas saídas do domicilio para pasear aos cans deberán adoitarse as seguintes medidas:

- A realización dos paseos terán a menor duración posible no tempo, atendendo a cubrir as necesidades fisiolóxicas do animal.
- Evitarase o contacto con outros animais ou persoas.
- Levarase unha botella de auga e deterxente para limpar a orina e bolsas paras os excrementos dos animais. A limpeza realizarase sempre que se trate dunha superficie non porosa como formigón, baldosa, etc.
- Para as saídas priorizaranse os horarios de menor afluencia.

**SEGUNDO.-** A Policía Local do Concello de Redondela poderá solicitar a identificación dos animais e das persoas que os acompañan, para evitar o que se está ofertando en webs de segunda man como “aluguer de cans” ou incumprimentos da limitación de circulación de persoas, polo que o dono do animal deberá dispoñer da mesma en todo momento.

Da totalidade das medidas adoitadas poderán ter coñecemento a través da web municipal na dirección **[www.redondela.gal](http://www.redondela.gal)**

Teléfonos de atención do Concello de Redondela:  
**986400300 e 986402865; Policía Local: 986402610**

A ALCALDESA

Digna Rosa Rivas Gómez



